

12 Memoria económica

Desde o punto de vista económico, o exercicio 2008 pódese cualificar para a UDC como un ano de consolidación, tanto no relativo ás súas contas como no referente aos instrumentos de planificación.

A liquidación do exercicio 2007 foi a cuarta consecutiva cun resultado orzamentario positivo e a segunda cun remanente non afectado positivo. Os recursos propios dispoñibles como consecuencia desta política de prudencia orzamentaria mostráronse cruciais na programación plurianual 2009-10.

O orzamento do ano 2008, que acadou os 126,8 millóns de euros, axustouse ás previsións contidas na programación plurianual 2007-08, e orientouse ao desenvolvemento dos proxectos formulados no plano estratéxico.

Canto ao desenvolvemento do plano estratéxico, o orzamento 2008 foi o primeiro que se presentou acompañado dun plano operativo anual que o vincula con

aquel, no que se recollen referencias ás dotacións económicas dos 45 proxectos planeados nel. Ademais, en cumprimento da modificación incorporada aos Estatutos da UDC, por primeira vez o Claustro aprobou as liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria, desenvolvidas na programación plurianual 2009-10.

Por último, en 2008 iniciouse un programa de simplificación/axilización da xestión, que aínda segue aberto e que tivo xa nese exercicio os seus primeiros resultados tanxibles.

Liquidación do orzamento do exercicio 2007


A liquidación do orzamento do exercicio 2007 aprobouse no Consello de Goberno do 23 de xullo de 2008 e foi presentada ao Claustro o 28 de outubro. O documento, que está dispoñible no enderezo <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/memoria-secon.asp>, resúmese por capítulos no seguinte cadro:

Capítulo	Orzamento	Liquidación
III: Taxas, prezos e outros	15.338.453	17.302.350
IV: Transferencias correntes	84.151.587	87.614.134
V: Ingresos patrimoniais	300.000	1.034.512
VII: Transferencias de capital	11.297.405	23.381.935,43
VIII: Activos financeiros	1	0
IX: Pasivos financeiros	0	4.678.403
Total ingresos	111.087.446	134.011.335
I: Gastos de persoal	76.934.167	74.477.211
II: Bens correntes e servizos	17.207.363	15.899.954
III: Gastos financeiros	42.000	9.314
IV: Transferencias correntes	3.052.106	3.450.396
V: Fondo de continxencia	250.000	0
VI: Inversións reais	13.559.290	21.628.679
VII: Transferencias de capital	31.270	1.202
VIII: Activos financeiros	11.250	327.500
IX: Pasivos financeiros	0	149.746
Total gastos	111.087.446	115.944.002

Cadro 178 Orzamento e liquidación do exercicio 2007

Segundo se observa no seguinte gráfico, esta liquidación é a cuarta consecutiva cun resultado orzamentario


positivo, polo que a reversión da tendencia anterior se pode considerar plenamente consolidada.



Cadro 179 **Saldo orzamentario / Orzamento**

Partindo dun remanente de tesouraría non afectado positivo na liquidación do 2006 que só foi aplicado parcialmente en 2007, nesta liquidación o remanente


acumulado incrementa a dispoñibilidade de recursos do ano anterior.



Cadro 180 **Remanente non afectado / Orzamento**

A análise da aplicación dos recursos dispoñibles ilustran a súa importancia, posta de manifesto na progra-


mación plurianual 2009-10, para afrontar os retos do presente bienio no contexto económico actual:



Cadro 181 **Aplicación do remanente**

Por último, como nos dous anos anteriores, no exercicio 2007 os pagamentos pendentes a final de ano representan en torno ao 2% do total anual, correspon-

dentes a un volume residual de operacións en curso, situación que se pode considerar moi próxima ao óptimo alcanzable:



Cadro 182 **Pagamentos pendentes a 31 de decembro**

Orzamento do exercicio 2008


O orzamento do exercicio 2008 da Universidade da Coruña, que foi aprobado polo Consello de Goberno o 18 de decembro de 2007 e o 19 de decembro polo Consello Social, está dispoñible en <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/orzamentos.asp>. Acompaña-se do Plano operativo anual 2008, e inclúe as liñas xerais do orzamento de ingresos e gastos (cadro

resumo comparativo dos orzamentos de 2007 e 2008, análise por capítulos de ingresos e gastos, e valoración global), os criterios de distribución dos fondos descentralizados, as bases de execución e todas as partidas de ingresos e gastos individualizadas. O seguinte cadro recolle o seu resumo por capítulos e a súa evolución respecto do ano anterior:

Ingresos	2007	%	2008	%	Δ 07/08
Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.338.453	13,8%	16.205.864	12,8%	5,7%
Capítulo IV: Transferencias correntes	84.151.587	75,8%	93.090.540	73,4%	10,6%
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	300.000	0,3%	515.000	0,4%	71,7%
Capítulo VII: Transferencias de capital	11.297.405	10,2%	13.460.407	10,6%	19,1%
Capítulo VIII: Activos financeiros	1	0,0%	1.124.828	0,9%	---
Capítulo IX: Pasivos financeiros	0	0,0%	2.428.000	1,9%	---
Total ingresos	111.087.446	100%	126.824.639	100%	14,2%

Gastos	2007	%	2008	%	Δ 07/08
Capítulo I: Gastos de persoal	76.934.167	69,3%	82.600.721	65,1%	7,4%
Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos	17.207.363	15,5%	18.755.868	14,8%	9,0%
Capítulo III: Gastos financeiros	42.000	0,0%	19.000	0,0%	-54,8%
Capítulo IV: Transferencias correntes	3.052.106	2,7%	3.488.665	2,8%	14,3%
Capítulo V: Fondo de continxencia	250.000	0,2%	250.000	0,2%	0,0%
Capítulo VI: Investimentos reais	13.559.290	12,2%	21.491.642	16,9%	58,5%
Capítulo VII: Tranferencias de capital	31.270	0,0%	1.270	0,0%	-95,9%
Capítulo VIII: Activos financeiros	11.250	0,0%	136.750	0,1%	1115,6%
Capítulo IX: Pasivos financeiros	0	0,0%	80.723	0,1%	---
Total gastos	111.087.446	100%	126.824.639	100%	14,2%


Cadro 183 Evolución do orzamento por capítulos



Cadro 184 Evolución do orzamento da UDC

O crecemento dos fondos procedentes do Plano de Financiamento (medran uns 7 millóns de euros) complementábase co crecemento do número de alumnos, dos


fondos captados por investigación (soben 2,5 millóns), así como pola existencia de fontes de financiamento extraordinarias por 3,5 millóns de euros:



Cadro 185 Composición dos ingresos

O gasto está orientado aos 45 proxectos recollidos no Plano estratéxico da Universidade da Coruña, segundo se analiza no Plano operativo anual. Cómpre salientar o crecemento das bolsas, por enriba do incremento xeral, e, sobre todo, uns investimentos de

21,5 millóns de euros. Os investimentos en investigación crecen nuns 2,8 millóns, e en edificios e outras construcións chegan a 7 millóns de euros, incluíndo tanto as infraestruturas docentes como de investigación e as de extensión universitaria:



Cadro 186 Composición dos gastos

Plano estratéxico

Como xa se sinalou anteriormente, no desenvolvemento do Plano estratéxico da UDC no ano 2008 cómpre salientar dous feitos: a aprobación polos Consellos de Goberno e polo Consello Social, o 18 e o 19 de decembro de 2007 respectivamente, do Plano operativo anual do exercicio 2008, e a aprobación da Programación Plurianual 2009-10 polo Claustro o 28 de outubro de 2008 e por ambos os dous consellos o 10 de decembro de 2008. Estes documentos poden consultarse

na páxina web da Oficina de Planificación Estratéxica (<http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/ope/documentacion.asp>).

O **Plano operativo anual** contén, en primeiro lugar, unha revisión das previsións que se fixeran na Programación Plurianual 2007-08 das principais partidas orzamentarias en 2008. A conclusión é que esas partidas se axustan ás previsións realizadas na pro-

gramación previa. A principal información adicional é a cuantificación do financiamento extraordinario, previsto sen cuantificación na programación bianual, que se concretan en 3,5 millóns de euros nos capítulos 8 e 9 de ingresos, e que permiten incrementar o volume de investimentos reais.

O contido principal do POA é a referencia ás dotacións económicas recollidas nos orzamentos para os 45 proxectos do Plano Estratéxico. No seguinte cuadro selecciónanse algúns exemplos representativos das informacións recollidas, xunto coa referencia do proxecto a que se refiren:

Plano operativo anual

Docencia	
P1.1. Fomento da cultura da calidade	O orzamento do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) acada os 250.000 €.
P1.2. Fomento da cultura da innovación	A partida de Investimentos para a Calidade e a Convergencia, con que se atenden as convocatorias anuais de contratos-programa, acada en 2008 os 640.000 €.
P2.1. Programa de formación en materia de EEES	A partida destinada á formación do PDI (véxase Docencia P1.1) complementábase cos 170.000 € destinados ao Plano de formación continua do PAS (capítulo 1).
P2.2. Adaptación das estruturas docentes ao EEES	No referente á adaptación das infraestruturas, as accións iniciadas o presente ano, coma o Plan director ou o Programa de Intensificación da Adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, no que as facultades e escolas investiron máis de 2,2 millóns de euros grazas ao saneamento das contas, terán continuidade nunha serie de actuacións que inclúen: • O inicio dun edificio de despachos para a Facultade de Informática e a Escola de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, para o que se dispoñen 900.000 €. • Novos despachos na Facultade de Ciencias: 120.000 €. • 250.000 € para outras obras de adaptación ao EEES. Existen expectativas de que, o mesmo que este ano, tras a liquidación do exercicio 2007 poidan reforzarse as accións de adaptación. Nese sentido, a evidencia actualmente dispoñible apunta cara a unha certa concentración das necesidades nos campus de Ferrol e Bastiagueiro.

Docencia

P5.1. Reforzo dos programas de bolsas

O crecemento nominal do capítulo 4 é dun 14,30%, por enriba do 14,17% de crecemento xeral do orzamento. Unha vez feitos os axustes en ambas as partidas, para ter en conta o efecto dos cambios de capítulo ou criterio contable e o efecto das fontes de financiamento extraordinarias, o crecemento das bolsas situaríase nun 10,67%, mentres que o global sería dun 10,25%.

P8.1. Actualización do papel da biblioteca universitaria

O orzamento destinado á compra de libros por parte dos centros e departamentos en 2008 é de 853.000 € e 469.000 € respectivamente. En canto a revistas, aos 1.440.000 € para adquisición directa hai que lle engadir 104.000 € de contribución a Bugalicia e 25.000 € para préstamo interbibliotecario. O investimento total supera os 2.900.000 €.

I + D + i

P1.1. Cómputo da actividade investigadora no POD

O cómputo da investigación no POD, implantado no curso 2007, supuxo un desconto no POD de 18.000 horas anuais, e, segundo se estimaba na programación plurianual, supón un custo próximo a 1.000.000 €.

Segundo o previsto no Plano estratéxico, este cómputo inclúe deducións de carga docente por dedicación a proxectos de investigación, polos sexenios de investigación acadados e pola dirección de teses de doutoramento.

As medidas incentivadoras da realización de teses polo profesorado da UDC concretáronse na redución de 270 a 220 horas lectivas anuais do profesor titular de EU doutor e do profesor colaborador doutor, e nas deducións docentes por acadar o título de DEA e polo depósito da tese.

P1.2. Dotación de recursos para os grupos de investigación

A partida de Programas Universidade está dotada en 2008 con 250.000 €, o que permitirá afrontar, entre outras accións, axudas plurianuais a grupos consolidados e incentivos para grupos emerxentes.

Os contratos-programa plurianuais para grupos consolidados foron convocados por primeira vez en 2007, dentro do marco do convenio de colaboración co Banco Santander, cunha dotación de 120.000€ para ese ano e unha duración ata 2009.

I + D + i

P2.2. Desenvolvemento do Parque Tecnolóxico na Coruña	Os investimentos nas ampliacións do CITEEC e no CITIC orzados en 2008 fináncianse parcialmente mediante o anticipo reembolsable acadado na convocatoria de Parques da Dirección General de Política Tecnolóxica do MEC resolta en 2007. No capítulo 8 de ingresos recóllese a anualidade prevista para o próximo exercicio, de 2,4 millóns de euros.
P4.2. Optimización das infraestruturas de investigación	Ao servizo de mantemento de equipamento científico vixente, cun custo de 185.000 € anuais, engadiuse o mantemento de 3 equipos de alta tecnoloxía dos SAI por 44.000 € anuais, e dotouse a os SAI dunha partida propia de mantemento de maquinaria, instalacións e equipamento (35.000 €).
P5.1. Organización dos servizos de xestión da investigación	Acadouse financiamento da Consellería de Traballo e do Ministerio de Educación y Ciencia para a contratación de dous técnicos superiores nunha unidade de xestión de proxectos europeos.

Relacións coa sociedade

P3.1. Fortalecemento da dimensión internacional da UDC	O programa Erasmus supón en 2008 un gasto duns 582.000 € (490.000 € para a mobilidade de estudantes, e o resto para a de profesores e organización), subvencionado nun 81%. O feito de incluír as subvencións no orzamento facilita a xestión das axudas.
P4.2. Ampliación e acondicionamento de instalacións deportivas	A Consellería de Cultura e Deporte inviste directamente 1,5 millóns de euros para a ampliación das instalacións deportivas (pista de atletismo) na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física entre 2007 e 2009.
P7.2. Adaptación dos campus aos principios da arquitectura ecolóxica	O Plano enerxético da UDC ten unha dotación de 150.000 €.
P10.1. Áreas residenciais universitarias	A construción da área residencial no campus de Elviña supón o investimento extraorzanamentario de máis de 20 millóns de euros, financiados pola Consellería da Vivenda e Solo.

Cómpre mencionar o feito de que coa aprobación da **Programación plurianual 2009-10 no Claustro** do 28 de outubro de 2008, este órgano exerceu, por primeira

vez, a competencia de aprobar as liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria, que se lle outorgou na última reforma dos Estatutos da UDC. Aínda

que, pola súa vixencia temporal, a análise do contido pormenorizado desta programación (estimación das principais partidas orzamentarias de ingresos e gastos, plano xeral de investimentos en docencia e investigación e fontes de financiamento, e previsións sobre a evolución dos efectivos de PAS e PDI) non corresponde ao presente documento, reproducése a diagnose global que nela se recolle:

“A diagnose global, tendo en conta tanto factores externos como internos, é que, malia o contexto desfavorable, o rigor orzamentario dos últimos exer-

cicios xerou capacidade para seguirmos avanzando no próximo bienio no reto da adaptación ao EEES cun programa de investimentos en recursos humanos e infraestruturas. Non obstante, isto non pode facer esquecer as importantes necesidades da institución: existe un déficit histórico de infraestruturas que só se poderá enxugar dispoñendo de financiamento específico, e os recursos por estudante nos sitúan na cola das universidades do Estado, cun 73% da media estatal nas transferencias da administración educativa por estudante, segundo os últimos datos dispoñibles.”

Programa de simplificación da xestión

O programa de simplificación/axilización da xestión é un programa aberto que foi presentado na Comisión de Asuntos Económicos delegada do Consello de Goberno de 27 de marzo de 2008. A súa finalidade é evidente, e nel pódense diferenciar dous tipos de actuacións, as globais e as puntuais.

As actuacións globais van dirixidas a refundir, clarificar e simplificar a normativa de xestión económica. Con esta finalidade, a iniciativa dos servizos da área económica, constituíuse un equipo de traballo integrado polas xefas de negociado de Asuntos Económicos da ETS de Camiños e da Facultade de Informática, o secretario técnico do Campus de Ferrol, os xefes

dos servizos de Xestión Financeira, de Intervención e de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica, co apoio dos técnicos superiores en sistemas de calidade da UTC. Este grupo de traballo comezou as súas tarefas coa elaboración dunha proposta de estrutura orzamentaria normalizada, a cuxa discusión se incorporaron a Xerencia e a Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica.

Por outra banda, este programa pretende servir de acicate para a simplificación da xestión en calquera dos ámbitos da universidade. Entre as actuacións puntuais que se enmarcan nel, pódense sinalar as seguintes:

- A tramitación de oficio de adiantos de financiamento de axudas concedidas pola Xunta de Galicia a investigadores da UDC
- A refundición e simplificación da normativa sobre permisos e licenzas do PDI
- A eliminación dos bonos de residencia universitaria
- A simplificación e automatización dos adiantos de crédito
- A solicitude de oficio das incorporacións de crédito dos proxectos de investigación que o permitiren.

